

Arturo Casas (2024): *Estudios ibéricos. Posibilidades e límites: cuestións de método sobre revistas literarias, mediación e transferencia cultural*. Andavira Editora, 157 páxs.

Non resulta casual a referencia ás «cuestións de método» que acompaña o longo título desta nova achega de Arturo Casas, e moito menos se atendemos á traxectoria do investigador. Mesmo despois de transitar a perspectiva máis concreta, cunha carreira que parte, de maneira moi marcada, arredor da figura de Rafael Dieste, a análise retrospectiva do autor déixanos unha evolución moi clara. E un dos trazos máis marcados desta lévanos á consideración cada vez maior, non só das chamadas cuestións de método, senón máis concretamente dos procesos de conformación do coñecemento e da ideoloxía subxacente nas categorías epistemolóxicas que aparecen vinculadas ao estudo da cultura. Non foi alleo a iso o desenvolvemento do seu traballo no eido das historias literarias, sen dúbida unha das achegas máis determinantes de Arturo Casas, precisamente por ir acompañada desta crítica e interrogación aberta a procesos e inercias académicas asentadas até a inconsciencia nos límites ideolóxicos do seu obxecto. Alén de ser algo formalizado en traballos propios, foi relevante tamén na configuración, desde 2009, do xa extinto Núcleo de Estudos para a Innovación da Historia Literaria Galega (NEIHLGA), alén da guía e apoio xeneroso ao traballo de moitas outras investigadoras novas, incluída quen isto asina (*full disclosure*).

Pero se isto é relevante é porque esta peza sobre os estudos ibéricos bebe en moitos sentidos desta intención de análise das bases de coñecemento máis que do desenvolvemento particular dunha cuestión específica. Polo menos así é durante a primeira metade da obra, que pode ser empregada a xeito de manual sobre o estado da cuestión, as súas propostas, as últimas impugnacións e, evidentemente, os ocos ou incoherencias que algunhas delas poden amosar. Unha análise da pregunta que fai innecesaria e mesmo inesperada unha resposta, por máis que iso non pode levar a pensar que a postura do autor é, nin moito menos aséptica. Sen protagonismo nin aspecto de tese, existe na perspectiva da obra unha lectura dos ámbitos que, como a existencia e composición dun campo literario galego, son relevantes para a cuestión.

Desde o inicio, que avoga por uns estudos ibéricos críticos, a ollada de Arturo Casas lévanos a cuestionar o propio ámbito da delimitación cultural. Un elemento básico, que aínda hoxe artella departamentos e programas, pero que nace vinculada profundamente á existencia de dous estados (na interpretación máis común) cun pasado uniformizador próximo ao totalitarismo e coa presenza tamén de sub-entidades con maior ou menor recoñecemento dentro deles. A reivindicación do carácter nacional de moitas destas colectividades é un dos aspectos que tocan a complexidade da cuestión, sen que por iso poida pasarse por alto, no outro extremo, que algunhas das propostas do iberismo caeron de certo no simplismo dun inxenuo comparatismo entre dúas literaturas nacionais.

A propia articulación do que é o ibérico que dá nome a estes estudos e, en boa parte, por que precisan do concurso dun comparatismo crítico e ambicioso, é o que

centra o segundo capítulo. O percurso por propostas, moitas veces coa súa propia evolución para cada autor, leva a que aparezan nomes como os de Santiago Pérez Isasi, Joan Ramón Resina, Joseba Gabilondo, pero tamén perspectivas que apuntan a posibilidades máis abertas e que comunican a cuestión coa configuración posíbel dunha historia literaria que xa non responde aos marcos da modernidade como, por exemplo, as de Mario Valdés. No fondo, é a desconfianza ante unha xerarquía que tome partido novamente por unha configuración xerarquizada e positivista dos estudos ibéricos unha das guías deste percorrido e tamén o que nos deixa algunha das reflexións máis aproveitábeis. Finalmente, e aínda que non é un elemento central, cabe apuntar a consciencia de Arturo Casas de transcender o simple marco xeográfico ou a simple identificación nacional ou protonacional. Hai máis niveis de discurso onde aparecen outras comunidades que tamén participan da proposta de análise, e neles a cuestión de xénero ou as minorías sexo-afectivas tamén teñen un papel disonante e de difícil encaixe, pero que forma tamén parte relevante da cuestión.

Finalmente, e nunha perspectiva que afonda na cuestión dos límites mesmos do que entendemos como cultura, chegamos ao último capítulo, dedicado aos fluxos entre revistas literarias no período de entreguerras. A propia pertinencia do estudo, afianzado aínda nos *Cultural Studies* e nas propostas sociolóxicas, vai acompañado dunha profunda transformación da materia acontecida nas últimas décadas, da man, en boa parte, das novidades que viñeron coa dixitalización. Así, é interesante a explicación dos condicionantes dos chamados *Periodical Studies* neste contexto, pero máis aínda a aplicación dalgunhas das súas novidades á rede de relacións culturais galego-catalás no momento histórico aludido. Un escenario no que aparece de maneira persistente o recurso á analoxía, acompañada moitas veces dunha configuración heterónoma do campo máis feble. Referencia bourdieana que, por outra parte, acompaña como un fondo constante todo o volume sen que escapen tamén algunhas das complexidades da súa aplicación a realidades periféricas ou a campos culturais ou literarios en emerxencia. As cuestións de método, que reaparecen neste capítulo para falar da súa problemática máis concreta, deixan mesmo algunhas propostas de traballo, partindo en boa medida desa percepción que define as dúas realidades culturais como conscientes da súa condición e unidas na oposición ao centralismo que cuestiona a súa simple existencia.

No aspecto máis negativo podemos destacar elementos que, sen desmerecer nin cuestionar o contido, son cada vez máis habituais nas publicacións académicas e dos que paga a pena deixar constancia. En primeiro lugar, podemos aludir ao caótico da estrutura, orixinada sen dúbida polo propio autor, pero na que tamén resulta fácil ver o escaso traballo de corrección editorial. O primeiro capítulo «En prol duns estudos ibéricos críticos» abre co aspecto dunha sorte de introdución que acaba alongándose inexplicabelmente até a páxina 40, case un terzo do contido non bibliográfico do libro. Un texto que incorpora ese ton introdutorio, pero que tamén vai colocar, e aínda ben, algunhas cuestións complexas que se cadra merecerían figurar doutra maneira. As propias referencias internas déixannos en ocasións

a dúbida de se o segundo capítulo non será en realidade o Capítulo 3, debido á transformación desa especie de introdución na que se perdeu o fío en capítulo inicial. Da mesma maneira, e dunha forma que xa é máis un defecto estrutural, o último capítulo representa un salto que pode ser xulgado como excesivo ou que, cando menos, podería terse beneficiado dun estudo precedente máis concreto. Tras dilucidar da maneira tan clarificadora e fundamentada a cuestión dos estudos ibéricos, é inevitábel chegar á parte que fala sobre as revistas literarias coa sensación de estarmos ante un tema excesivamente particular para o ton xeral da obra.

Elementos en boa medida secundarios desde a perspectiva da grande utilidade académica do libro, en ningún caso cuestionábel, pero que convén deixar minimamente sinalados, especialmente neste contexto temporal no que a edición en lingua galega (non só a académica) vive unha especie de branda precariedade que vai camiño de normalizar erros tan facilmente solucionábeis.

En definitiva, un libro que, salvando algúns pequenos defectos, pode ser tomado, non só como unha voz máis no debate, senón mesmo como un resumo lúcido do seu desenvolvemento. Unha forma de abordar a cuestión que non abunda e que achega o tomo á categoría de referencia necesaria, rica en coñecemento do tema e dos seus ángulos cegos.

Mario Regueira
marioregueira@gmail.com

Aquilino Santiago Alonso Núñez (2024): *O verbo na variedade galega do concello de Castrelo do Val*. Berlín: Peter Lang, 156 páxs.

O doutor Aquilino Santiago Alonso Núñez, membro do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo, ten dedicado gran parte da súa carreira investigadora á análise da fala do concello de Castrelo do Val. Esta atención continuada, ao longo dos anos, queda patente en numerosas publicacións e, incluso, nunha tese de doutoramento sobre esta variedade lingüística. Na mesma liña, presenta *O verbo na variedade galega do concello de Castrelo do Val*.

A publicación, en formato libro, abre cun pequeno prólogo do autor, onde anticipa sinteticamente a distribución, contidos e motivacións da obra. Tras isto, atopamos tres capítulos: un introdutorio, un descritivo-analítico e, por último, un conclusivo. O primeiro deles, dividido en cinco subapartados, ofrece unha contextualización do citado concello e da súa integración na comarca de Verín dende un punto de vista xeográfico-territorial, histórico e lingüístico. En relación con este último aspecto, Alonso Núñez manifesta, como fixo en ocasións anteriores, as limitacións que presenta o estendido modelo de isoglosas, xa que pode amparar unha visión simplificada da diversidade lingüística real, como parece acontecer no caso de Castrelo do Val.

Tamén se recollen, neste capítulo, os obxectivos e a metodoloxía empregada para levar a cabo o estudo. Dende o enfoque da dialectoloxía tradicional, o autor segue un método cualitativo e un modelo descritivo co propósito de analizar sincronicamente o verbo na fala galega castrelexa, delimitar esta categoría gramatical e fornecer un modelo para a súa análise morfolóxica. As mostras de fala son obtidas mediante a aplicación de técnicas mixtas, que combinan enquisas e gravacións de falantes fundamentalmente maiores, con escasa ou nula alfabetización. Ademais, e como ben explica o propio Alonso Núñez, este traballo é parte dun marco investigador máis amplo, que busca enriquecer os estudos realizados en diversos campos da lingüística galega.

O segundo capítulo, denominado «O verbo», divídese, á súa vez, en catro subapartados. No primeiro, o autor repensa a caracterización do verbo, atendendo, esencialmente, ás súas particularidades morfolóxicas, sintácticas e semánticas; válese, para isto, dunha sinxela pero interesante revisión bibliográfica que conduce e sustenta a súa exposición. No segundo, sitúa a atención do lector nas eivas da segmentación morfolóxica tradicional, non sempre intuitiva ou concisa, á vez que defende una análise máis sinxela, baseada na técnica da segmentación e conmutación, e onde un mesmo morfema verbal pode aglutinar distintos significados gramaticais. A seguir, examina e exemplifica os constituíntes típicos da análise morfolóxica do verbo, deténdose especialmente na vogal temática, no sufixo de modo e tempo e no sufixo de número e persoa.

No tratamento destes puntos, Alonso Núñez cuestiona a clasificación tradicional dos verbos en conxugacións segundo a súa vogal temática. A consideración de que o galego conta con verbos atemáticos, motiva a proposta

dunha nova ordenación e a revisión de investigacións previas, levadas a cabo dentro do marco da gramática tradicional. En segundo lugar, realiza una pequena exposición sobre os morfemas verbais que conteñen información aspectual, temporal e modal. No marco desta investigación, xustifica a existencia dun morfema de modo e tempo, do que describe as súas marcas na conxugación verbal común e que compara coas formas tradicionais da variedade de Castrelo do Val; a través de exemplos concretos fornece distintas posibilidades de segmentación e interpretación das unidades mínimas do verbo. No caso do sufixo de número e persoa, o autor recolle e describe os morfemas e alomorfos atopados nos falantes do concello verinés. Por último, engade un cadro resumo co paradigma dos verbos regulares *cantar*, *varrer* e *partir*, analizados morfoloxicamente, onde se sintetizan as singularidades da fala castrelexa.

No terceiro subapartado do segundo capítulo, Alonso Núñez describe, clasifica e analiza os verbos de irregularidade común, que, no galego normativo, están formados polos verbos rematados en *-aer*, *-oer*, *-aír* e *-oír* e aqueles que presentan alternancia vocálica na raíz. Para o seu estudo, o autor emprega diferentes modelos verbais das tres conxugacións, o que lle permite realizar unha análise comparada entre o galego común e a variedade de Castrelo do Val; deste xeito, ilustra as singularidades dos seus informantes e avalía a produtividade e vitalidade dos fenómenos de alternancia.

No derradeiro punto deste capítulo, o autor presenta a categoría dos verbos anómalos ou de irregularidade propia a través da súa descrición e das desviacións máis comúns. Ao tratarse dun repertorio limitado (*andar*, *caber*, *caír*, *crer*, *dar*, *dicir*, *estar*, *facer*, *haber*, *ir*, *ler*, *oír*, *poder*, *pór/poñer*, *querer*, *rir*, *saber*, *saír/salir*, *ser*, *ter*, *traer/tagher*, *valer*, *ver* e *vir*), o autor analiza individualmente cada un destes verbos, comparando os datos fornecidos polos seus informantes co paradigma verbal do galego común; toda esta información queda plasmada, ademais, en mapas e táboas que acompañan o texto. A maiores, o autor engade explicacións etimolóxicas, apuntamentos diacrónicos ou hipóteses que explican a variedade ou alternancia das distintas formas verbais fornecidas polos falantes castrelexos.

A obra culmina cun apartado conclusivo en que o autor recolle as inferencias principais da súa investigación. Así pois, pecha a caracterización do verbo e dos seus constituíntes, á vez que reforza a idea de que distintos contidos gramaticais poden ser amalgamados nun mesmo morfema, especialmente nas linguas fusionantes coma o galego. Por este motivo, avoga pola consideración da segmentación verbal como un bosquejo, preferindo as análises morfolóxicas máis sinxelas, que gañan en precisión. Tamén retoma as súas consideracións sobre a vogal temática, o sufixo de tempo e modo e o sufixo de número e persoa, dedicándolle unhas liñas á casuística da súa variación dentro do paradigma verbal regular e irregular do galego común e, por comparación, do da variedade de Castrelo do Val.

Como resultado, estamos ante unha obra organizada e estruturada, ben fundamentada bibliograficamente e repleta de argumentacións teóricas e matices empíricos. A faceta docente de Aquilino Santiago Alonso Núñez pode percibirse no

ton instrutivo, pero rigoroso, da publicación e nos abundantes exemplos que ofrece, os cales guían a lectura das súas páxinas. Ademais, as reflexións que presenta, neste estudo, convidan a unha revisión profunda sobre a categoría verbal e os seus constituíntes. En último lugar, cómpre salientar o labor documental que realiza o autor sobre o verbo na fala de Castrelo do Val, perpetuando os seus vestixios lingüísticos e analizando a súa singularidade para todo aquel interesado na morfoloxía flexional da lingua galega, en xeral, e da variedade castrelexa, en particular.

Alicia Sentí Janssen (Universidade de Vigo)
asenti@uvigo.gal

Reyes Rodríguez Rodríguez (2024): *A Limia Baixa. Onde o mundo se chama en galego*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 135 páxs.

Este libro da filóloga Reyes Rodríguez Rodríguez, *A Limia Baixa. Onde o mundo se chama en galego*, desenvolve en profundidade unha análise sociolingüística do uso do galego e das percepcións e actitudes cara a esta lingua nos concellos de Entrimo, Lobios e Lobeira, na Limia Baixa, aínda que hai pasaxes do libro que tamén informan da situación en Bande e Muíños. O traballo axuda a entender o mantemento do uso do galego na mocidade dunha bisbarra en que esta lingua goza dunha gran vitalidade, mesmo entre os máis mozos. Isto posúe un valor incalculable, pois contribúe non só a comprender a situación sociolingüística do galego, senón tamén a entender os motivos polos que a mocidade desta área elixe manter o emprego desta lingua de xeito case absoluto.

Este libro realiza unha análise da situación sociolingüística do galego na Limia Baixa por medio de enquisas e entrevistas semidirixidas que, alén dunha perspectiva diatópica, incorporan unha interesante perspectiva en diacronía curta, xa que as enquisas se realizaron antes e despois da covid-19, nos anos 2018 e 2023, se ben a maioría do estudo se ambienta no 2018. Estas enquisas e entrevistas enriquecéronse cos resultados obtidos noutros traballos previos, cun moi bo manexo de abundantes citas e referencias á fala baixolimega, así como datos do Instituto Galego de Estatística para contextualizar o traballo con información previa a 2018.

O libro consta de oito capítulos. Na introdución, explícase moi brevemente a situación da Limia Baixa, os obxectivos e como se organiza o volume. No segundo capítulo, «A Limia Baixa: da terra e da xente», descríbese con precisión o modo de vida no presente e no pasado na Limia Baixa e como se comunican unhas poboacións con outras dentro e fóra da Limia Baixa, tanto coas poboacións raianas de Portugal coma coas cidades galegas próximas a ela. Tamén se describen as parroquias de cada concello da Limia Baixa, para axudar a caracterizar como se produce o contacto entre zonas e o modo de vida da xente.

No terceiro capítulo, «A Limia Baixa: monolingüismo galego nunha encrucillada trilingüe», ofrécese unha breve explicación de como se relacionan neste territorio os galegos estándar e dialectal, o castelán e o portugués.

No cuarto capítulo, «Percepcións e actitudes sociolingüísticas na Limia Baixa», analízanse a gheada e as sibilantes sonoras, que constitúen os dous trazos máis definitorios da fala baixolimega. O uso da gheada vacila nesta rexión, de xeito que nos centros de poboación este trazo xa case desapareceu e nas aldeas afastadas destes centros aínda se mantén. Para a xuventude, este trazo identifícase a miúdo con pais e avós. A postura diante da gheada é xeralmente favorable, sen prexuízos contra ela, fronte a trazos que se consideran aportuguesados e menos prestixiosos. Pola outra banda, a postura coas sibilantes sonoras é máis complicada. É un factor lingüístico moi diferencial da Limia Baixa e trátase dun trazo conservador con raíces medievais que se mantén sobre todo nas zonas máis próximas á fronteira de

Portugal. A percepción social deste trazo inclúe certos prexuízos, xa que o uso das sibilantes sonoras se percibe como falar «mal» ou «aportuguesado», aínda que tamén hai quen defende este trazo como «auténtico». É relevante salientar que na mocidade existe un certo compromiso co uso das sibilantes sonoras e percíbese unha maior autoestima lingüística verbo deste trazo.

No quinto capítulo, «O futuro social e lingüístico na Limia Baixa: a mocidade baixolimega», avalíase por medio dunha enquisa a situación sociolingüística do galego desta área. Dous terzos da mocidade baixolimega responderon esta enquisa, unha proporción moi representativa. O capítulo é o máis longo e cerna do libro, e divídese en tres bloques. No bloque «O galego sitúase...» a práctica totalidade dos participantes indica que fala galego na aldea, na casa, cos amigos e, en menor medida, na escola, mentres que na cidade esta proporción decrece. No mesmo bloque toda a xente entrevistada respondeu que na cidade se fala castelán, mentres que na aldea se fala galego. No ano 2023 a situación case non mudou. No bloque «Un compromiso co galego» compróbase que tanto en 2018 coma en 2023 a mocidade baixolimega ten un alto compromiso co uso futuro do galego, ten unha actitude positiva cara ao galego normativo, maioritariamente prefire seguir a falar en galego se un amigo ou unha amiga lle fala en castelán e considera o galego igual de válido que o castelán. No último bloque do capítulo, «Galego local ou galego estándar?», as conclusións obtidas son que a inmensa maioría prefire o galego dialectal da súa zona e que non muda o xeito en que falan ao ir a Celanova ou Ourense, que na maioría das ocasións ninguén se riu de como falan (agás nalgunha excepción) e dous terzos dos enquisados perciben diferenzas entre o seu galego e o dos concellos veciños. Entre o ano 2018 e o 2023 estas conclusións non mudan.

No capítulo «A lingua das TIC antes, durante e despois da pandemia entre a mocidade da Limia Baixa» analízase, a partir dunha enquisa de 2023, o impacto da covid-19 no uso do galego en redes sociais, videoconferencias e mensaxería. Antes da pandemia, o galego era maioritario en WhatsApp e nas chamadas, pero pouco usado nas redes. Durante o confinamento mantívose esta tendencia, con lixeiro aumento nas redes, e despois consolidouse un maior uso global, polo que a pandemia tivo un efecto positivo na presenza do galego neste ámbito.

No sétimo capítulo, «As actitudes lingüísticas dos habitantes de Entrimo: as tres xeracións», emprégase outra enquisa para poder cotexar as actitudes lingüísticas en Entrimo non só da mocidade, senón tamén das outras xeracións (adultos e maiores). Nas tres xeracións hai o consenso de que en Entrimo a comunicación se dá en galego en todas as situacións, aínda que son competentes en castelán como segunda lingua tamén. Na maioría dos casos, os entrevistados só cambian ao castelán por cortesía se non os entenden en galego, aínda que tamén hai moitos casos en que afirman non ter necesidade de cambiar ao castelán en ningún caso. A metade dos enquisados afirmou ser obrigada a falar castelán, pero das xeracións, a máis moza é a que menos se sentiu obrigada a falalo. A maioría dos participantes atopa diferenzas entre o seu galego e o doutros concellos e, na mesma medida, tamén achan diferenzas entre as distintas parroquias dentro de Entrimo. Todos afirman entender o portugués raiano, pero a maioría afirma que non entende igual

de ben o portugués de Lisboa. Cando se lles pregunta sobre a normativa, a maioría acóllea positivamente. A xente de Entrimo non percibe unha correlación entre linguas e ideoloxía, xa que afirman que todo o mundo fala galego alí, independentemente da ideoloxía. A gran maioría da mocidade afirma que o galego ten futuro en Entrimo e, mesmo, responsabilízase, mentres que os adultos confirman o compromiso da mocidade coa lingua e tamén afirman que o galego seguirá a ser falado alí. Por último, a gran maioría dos maiores tamén cre que o galego non se extinguirá na zona.

O último capítulo é o cabo, que recolle unha síntese do desenvolvido no estudo previo. O estímulo dos vínculos dos falantes coa lingua a través de actividades culturais funciona, o galego goza de boa saúde na Limia Baixa e a transmisión interxeracional está activa. Por outra banda, propónse aquí reformular a etiqueta de «falante tradicional», engadíndolle algúns trazos do «neofalante» para poder definir os falantes baixolimegos. A escola está a superar a familia como vía de aprendizaxe de galego nas xeracións máis novas, mentres que o resto de xeracións aprenderon o galego ante todo na casa. En calquera caso é o galego dialectal o que se rexistra en cada contexto na Limia Baixa.

O libro presenta en cada capítulo comparacións e referencias a outras investigacións realizadas na Limia Baixa ou no resto de Ourense e Galicia, co que se pode contrastar e entender a positividade dos datos obtidos para o galego en comparación co habitual noutros lugares. A gran riqueza de gráficos e táboas axuda a entender a información dun xeito moi visual e preciso, ademais dos mapas de elaboración propia, que axudan a visualizar como se comunica o territorio. Tamén cómpre destacar a pluralidade de métodos para recoller información, xa que se combinan métodos máis cuantitativos e métodos máis cualitativos sen deixar de ter unha mostra representativa para obter distintos tipos de datos en cada caso, que en conxunto permitiron esbozar en detalle a situación lingüística da Limia Baixa. É moi interesante a grande autoestima lingüística que amosan os baixolimegos e este estudo axuda a comprender o efecto que pode ter un reforzo positivo desta na conservación dunha lingua minorada como é o galego. A reivindicación do galego dialectal e o reforzo dos vínculos con este parecen dar resultados positivos e debería recoñecerse e mesmo emular noutros sitios en Galicia. A perspectiva da diacronía curta permite tamén confirmar que os resultados son estables e non un resultado do azar, ademais de que tocan un tema moi actual: a covid-19 e os seus efectos na fala. Tamén debe valorarse pola súa actualidade e utilidade o capítulo dedicado ás TIC, que merecen moita atención pola súa gran presenza na vida da mocidade. En resumo, este libro non só fornece un panorama esperanzador afastado da tendencia xeral do galego, senón que tamén é unha mostra clara da importancia de valorar positivamente o xeito de falar de cada área, á marxe do estándar.

Xoán Núñez Bazal
xoan.nunez.bazal@gmail.com

Xosé Henrique Costas González (2024): *Banu Marwán: a estirpe do galego. 2. Entre a vontade e o destino*. Cangas: Morgante, 344 páxs.

Sedemos na Paz dos libros pra faguer –Acuña e mais eu– de troxemáns da segunda achega do *Marwán: a estirpe do galego*, editado por Morgante no ano que rexe. Unha saga, non concluída, do alarife e xamarúa Iusuf Hinrik Munhadirat ben Ghunzalu al-Galiquí, que, entre a vontade e o destino, abrangueu cátedra profana na diocese de Marcosende.

E ben comidos de erudición moitísima, ben bebidos de moi acaidísima e vizosa lingua, aínda cos ollos a beilar de faíscas deste librisimo, ilustrado coas miniaturas de Leonardo do Baño (a franquía dos Picallo de Cuntis); medrado este códice ao rescaldado das cinzas do suevo Requila; escrutado, puidera ser quen sabe, da biblioteca do mosteiro de Cauliana, atondado cecais entremedias do *De correctione rusticorum* do Dumense e mais do *Liber ad Damasum episcopum* do noso común Prisciliano; relato ganduxado e corcosido nunha cumprida choqueira de anos de estudo, documentación e escrita gratis et amore; este humilde alxibebe celebra, querido Quique, a gorentía revida en todeitas 340 páxinas –e outras duascenas longas da primeira entrega–, que tanta fame e decaemento haberán/haberían quitar deste noso pobo magro e marmouxado (se se deixar).

Se as bagaudas e circuncelións do presente –doutos en mareas de chapapote e enlodadas– non nos atallan pola forza da forza, haberemos levar a cruz ao cabo, sexan os paus de Mitra, Xúpiter, Horus, Cristo, Khrishna, Dionisos, ou de calquera outra criatura concibida nas innúmeras e fantasmagóricas teoloxías; pois eu (ou nós, se así o estiman) seguimos sendo labregos e cabreiros politeístas toda a vida: Deus é bo, e ao Demo tamén lle hai que acender unha candeia.

Mergulleime na lectura do Marwán coma Marwán se deixou sandar polos remedios do sabio Eliézer ben Iavoriel e pola quentura da poza fumegante do Uadi Áxica; porque é a ignorancia a que nos fai alcatrear coma unha piarada de porcos bravos; porque é a burricaxe a que nos fai enfermar do odio negacionista, proveña a xenreira de alén ou de aquén das nosas fronteiras culturais. Porque todos precisamos, cadora e cando, dunha estadía en Munt Sáluti onde facer relanzo e renacer revividos. Cando for, ao socairo da esculapía convencional, a triloxía do Marwán xaora a prescribirán pastequeiros e menciñeiras de sona, a canda unhas ablucións nas caldas de Guitiriz ou Lobios, todo baixo a cobertura do sistema público de saúde.

Agradézoches, agradecémosche, Quique, a túa vontade investigadora (damos por feito que a redacción foi de corrido), pero, sobre todo, agradecémosche e louvamos a túa vontade dignificadora do noso acervo. A túa vontade fixo destino nestas páxinas. É *A estirpe do galego* un libro de luz, porque luz é a que proxectas, con documentada ousadía, sobre un período da nosa historia tan descoñecido coma silenciado e ao tempo falseado; é un libro de luz, porque atilado da didáctica medieval, ocúpaste de devolver os marcos ás nosas extremas (ou de movelos á nosa comenencia), ocúpaste de denudar deuses e santos pra deixalos ao porrancho da

esculca pública. É un libro de luz, porque luz refulxente é a que irradia a escrava Ninfuara, a nai Eva da que todos xenamos, escrava liberta, abelleira mor do trobo galego, cuxos cinco fillos forxaron as cinco tribos das que provimos ou quixésemos provir: *E aquí estaremos ao final, | en pé de Matria comunal | coa luz á porta. | Con esa luz que nos negou | tanta mentira que borrou | a nosa historia.*

Fronte á descastada e corrupta feixoadada dos 300 venres negros, precisamos máis Costas, máis Acuñas, máis Anselmos e máis Picallos.

Gostei moitísimo deste libro, Quique Costas; goceino tal ameí, no corpo de Marwán, a neta do Osebio de Sobredo, e aquí o defendo coma o cuzo Crevis latiu e latexou regañando o dente até a fin dos seus días.

Imos estando por aquí, levamos séculos aquí...

Salam Aleikum! Oreta en pinzas, Domine Nostre!

Calros Solla
ratorabisaco@yahoo.es